

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE ABRIL DE 2007.-**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Gumersindo A. Rguez. Liz

CONCELLEIROS:

D. Manuel López López.
D. José Rodríguez Pérez
D. Francisco López Castaño
D. Manuel Gay Fernández
D. José Fernández López

SECRETARIO-INTERVENTOR:

D. Antonio Lorenzo Morandeira.

No salón de Sesións da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 12,00 hrs. do día 30 de Abril do ano 2.007, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1ª convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Non asisten á sesión os Sres. concelleiros seguintes : Dna. Isabel García Toirán, D. Xosé López Gai e Dna. Mª Jesús Gil Castro.

Da fe do acto o Secretario-Interventor titular da Corporación, D. Antonio Lorenzo Morandeira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.-

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno o Borrador da Acta da Sesión anterior celebrada o día 29 de Marzo de 2.007

Ó non formularse reclamacións nin observacións á mesma , queda aprobada por unanimidade.

2. DESIGNACIÓN POR SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS DO 27 DE MAIO.

A continuación, e de conformidade co establecido no artigo 26 da Lei orgánica

5/1.985, do 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeral, procédese a levar a cabo a designación , mediante sorteo público, dos membros das mesas electorais, con motivo das Eleccións Locais , convocadas mediante Real Decreto 444/2007, do 2 de Abril, (B.O.E. nº 80, do 3 de abril) e previstas para o vindeiro 27 de Maio , co seguinte resultado:

DISTRITO 1º, SECCIÓN 1ª, MESA A

TITULARES

PRESIDENTE: José Luis Expósito Vázquez.
1º VOCAL: María Clara López Doce.
2º VOCAL: Pilar Almeida Teijeiro.

SUPLENTE

DE PRESIDENTE: Mª Paz Arias González.
DE PRESIDENTE: Alberto Vázquez Fernández.
DE 1º VOCAL: Javier Fernández López.
DE 1º VOCAL: Jorge Fernández. Vázquez.
DE 2º VOCAL: Juana Fernández Morillas.
DE 2º VOCAL: Francisco Álvarez López.

DISTRITO 1º, SECCIÓN 1ª, MESA B

TITULARES

PRESIDENTE: Yolanda Neira García.
1º VOCAL: Mª Jesús López López.
2º VOCAL: José Manuel López Celeiro.

SUPLENTE

DE PRESIDENTE: José Manuel López Fernández.
DE PRESIDENTE: Marisol Fernández Neira.
DE 1º VOCAL: Carmen Mariño Díaz.
DE 1º VOCAL: Rosalía López López.
DE 2º VOCAL: Pacita Mon Blanco.
DE 2º VOCAL: José Doncel Cerviño.

DISTRITO 2º, SECCIÓN 1ª, MESA A

TITULARES

PRESIDENTE: Martín López Méndez.
1º VOCAL: Angela Díaz Díaz.
2º VOCAL: Isaac López Pérez.

SUPLENTE

DE PRESIDENTE: Manuel Pérez López.
DE PRESIDENTE: Luisa María Díaz Rubio.
DE 1º VOCAL: Dina López Agra.
DE 1º VOCAL: Antonio Armesto Rodríguez.
DE 2º VOCAL: Ramón Vázquez López.
DE 2º VOCAL: José Manuel Pérez López .

DISTRITO 2º, SECCIÓN 1ª, MESA B

TITULARES

PRESIDENTE: Rocío García López.
1º VOCAL: Manuel Díaz Díaz.
2º VOCAL: Angel Basteiro López.

SUPLENTE

DE PRESIDENTE: Mª Cruz Rodríguez Vázquez.
DE PRESIDENTE: Eladio López Gómez.
DE 1º VOCAL: Francisco Javier Fernández Fernández.
DE 1º VOCAL: José Manuel Rodríguez Vázquez.
DE 2º VOCAL: Consuelo López González.
DE 2º VOCAL: Isaura López López.

Proceder seguidamente á notificación do presente resultado á Xunta Electoral de Zona ós efectos oportunos.

3.- ASUNCIÓN DÉBEDA FEIRAS PRIMAVERA ANO 2006 E SUBVENCIÓN MUNICIPAL ANO 2007.-

A continuación dase conta ó Pleno da Corporación de sendos escritos presentados pola Directiva da Asociación de Amigos do Campo da Feira (Rexistro Xeral de Entrada nºs 285/2.007 e 286/2.007, do 24 de abril), relativas por unha banda o Estado de Contas (Gastos e Ingresos) das Feiras e Festas de Primavera do ano 2.006, e que conteñen un déficit de Cinco Mil Cento Vintedous Euros (5.122,00 €) e por outra banda, a correspondente solicitude de subvención destinada a recaba-la colaboración económica municipal para a organización das Feiras e Festas de Primavera do ano 2.007.

Aberto o turno de quendas, o Sr. Fernández López , Concelleiro do PSG-PSOE entende que o procedente por parte do Concello é a asunción do déficit producido na Organización das Feiras e Festas de Primavera no ano 2.006 , xa que as facturas pendentes deben pagarse , e en todo caso deberían reducirse partidas coma a dos gastos destinados as comidas. Por outra parte procede a concesión para este ano 2.007 dunha achega económica igual á do ano pasado, e continuar na labor de potenciación das Feiras.

O sr. Alcalde manifesta que está de acordo coa intervención do sr. Concelleiro socialista de salda-la débeda do ano anterior e de potenciar o desenvolvemento das Feiras, xa que a Directiva xa fai un esforzo importante na organización destas Feiras e dende o Concello deben apoiarse.

Asimesmo propón ó Pleno que, en aras de xenerar esa confianza necesaria na actual Directiva e dado que estamos nun ano de eleccións municipais, se adopte o acordo de adquirir o correspondente compromiso económico para o ano 2.008 co fin de facer fronte , no seu caso, ó deficit derivado da organización das Feiras deste ano ata a cuantía que se considere oportuno.

Neste punto, o sr. Fernández López propón cuantificar ese compromiso económico para o vindeiro Exercicio 2.008 no importe máximo de 5.500 euros.

Por Secretaría-Intervención infórmase que nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para este ano 2.007, aprobadas polo Pleno con data 16 de febreiro, hai prevista unha subvención máxima de concesión directa en favor da Asociación de Amigos do Campo da Feira de 15.000,00 euros , polo que deberíase proceder á modificación das mesmas.

Finalmente, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.-Presta-la súa aprobación ó estado de contas das Feiras e Festas de Primavera do ano 2.006, presentada pola Directiva da Asociación de Amigos do Campo da Feira, e asumir con cargo á partida 4.48 do vixente orzamento municipal o correspondente déficit producido polo importe de 5.122,00 €.

2º.-Conceder , asimesmo , á devandita Asociación de Amigos do Campo da Feira unha achega económica polo importe de 12.000,00 € destinados á colaboración económica do Concello na organización das Feiras e Festas de Primavera do ano 2.007, coa conseguinte autorización do gasto con cargo á partida 4.48 do orzamento municipal.

3º.-Proceder á modificación das Bases de execución do Orzamento para o actual Exercicio 2.007, elevándose a cuantía destinada este ano a esta Asociación de Amigos do Campo da Feira ata aos 17.122, 00 euros sinalados, iniciándose se fose preciso o expediente de modificación de créditos necesario, e adquirir asimesmo o correspondente compromiso de gasto con cargo ó Exercicio 2.008 polo importe máximo de 5.500 euros, para facer fronte , no seu caso, á debeda que resulte da Organización das Feiras e Festas de Primavera de 2.007.

4.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA EXPEDICIÓN TARXETAS DE ACCESIBILIDADE. E DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIA.-

A continuación dáse conta do expediente administrativo tramitado para a aprobación, no seu caso, da Ordenanza Municipal Reguladora da Expedición das Tarxetas de Accesibiliade e de Estacionamento para persoas con minusvalía ,

segundo o disposto na Lei 7/1.985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/1.997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e a demais normativa de aplicación.

Visto o Informe favorable de Secretaría-Intervención contido no devandito Expediente, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora da Expedición das Tarxetas de Accesibilidade e de Estacionamento para persoas con minusvalía, de acordo co texto que figura no expediente, e a apertura dun prazo de 30 días para información pública e audiencia ós/ás interesados/as, ós efectos de presentación de reclamacións e suxerencias, segundo o establecido no artigo 49 da citada Lei 7/1.985, do 2 de Abril.

2º.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións ó mesmo e continua-la tramitación do expediente ata o seu remate.

3º.- Publicación no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.), co seu texto íntegro, e transcurso do prazo de 15 días a que se refire o artigo 65.2 e 70 da mencionada Lei 7/1.985, do 2 de Abril.

5.- EXPEDIENTE PERMUTA DE BENS NO LUGAR DE MUNDÍN

Dase conta do procedemento iniciado para a enaxenación mediante permuta dun terreo propiedade do Concello , e destinado no seu día a camiño público previamente desafectado, con outro terreo propiedade (titularidade catastral) de D. Ramón Vázquez López, no lugar de Mundín, parroquia de Vilarmosteiro.

Considerando que queda xustifico a necesidade de adquiri-lo terreo de propiedade do particular para levar a cabo a ampliación da praza pública existente e facilitar así a circulación e tránsito de vehículos, e por outra parte queda acreditado que o camiño desafectado xa está en desuso .

Considerando que, no expediente constan os Informes Técnicos e Xurídicos esixidos e que o ben municipal ten unha valoración inferior ó 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento Municipal e que asimesmo a diferenza de valor entre ambos bens a permutar é tamén inferior ó límite legal do 40 por 100.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda :

1º.- Aprobar o expediente de enaxenación mediante permuta do ben patrimonial municipal desafectado , parcela catastro de rústica nº 9637, Polígono 6, de

108,13 m2 de superficie e con referencia catastral 27043A006096370000LB, polo ben particular de Hdros. de D. Ramón Vázquez López, parcela catastro de rústica nº 321, polígono 6 , de 88,72 m2 de superficie e con referencia catastral 27043A006003210000LU, sitios no lugar de Mundín, parroquia de Vilarmosteiro, e dar cumprimento , no seu caso e de acordo co procedemento establecido, ó previsto na normativa legal vixente sobre segregación de fincas.

2º.- Dar conta do expediente ó órgano competente da Comunidade Autónoma, en cumprimento do previsto no art. 276 da Lei 5/1.997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e demais normativa de aplicación.

3º.-Requeri-lo particular para a presentación da documentación correspondente acreditativa da propiedade do inmovible e facultar ó sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación do Concello, se proceda á sinatura de cantos documentos fosen precisos.

6.- MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2007 E PROPOSTAS CONCESIÓN AXUDAS FESTAS PATRONAIS.-

Seguidamente o sr. Alcalde, somete á consideración do Pleno da Corporación a toma de acordo de colaboración económica do Concello coas distintas Comisións Organizadoras de Festas Patronais do Municipio, dende o día 1 de xaneiro, coas seguintes condicións : axuda xeral de 250,00 € por parroquia, con excepción das parroquias de Saa e Friolfe nas que se subvencionarían a Ascensión en Paredes e o Santiago en Saa, e o San Xoán en Friolfe e o San Lourenzo en Friolfe-Montaña, e por outra parte a necesidade da solicitude pevia por parte do presidente ou responsable da Comisión Organizadora e a posterior xustificación da súa celebración.

Trátase de que esta colaboración económica poida cubri-los gastos ocasionados pola concesión do permiso da Sociedade Xeral de Autores, previsto na normativa vixente.

Aberto o turno de intervencións, o sr. Concelleiro D José Fernández López, do Partido Socialista, entende que non é o momento máis aceduoado , pero de tódolos xeitos debería revisarse a política actual de concesión de subvencións do Concello xa que hai asociacións como a Peña G.V. que reciben unha achega excesiva e nembargantes outras asociacións do Municipio non reciben nada.

Polo sr. Secretario infórmase da necesidade de modifica-las Bases de Execución do Orzamento deste ano, xa que non se contempla nas mesmas o outorgamento de subvencións directas a estas Comisións de Festas, así como a tramitación, no seu caso, do correspondente expediente de modificación de créditos pol a cuantía necesaria ao efecto.

Finalmente, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la proposta da Alcaldía presentada e proceder á modifica-las Bases de Execución do Orzamento para este ano 2.007 e o cumprimento dos trámites regulamentarios establecidos.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA VARIAS

Neste intre, abandona a sesión o sr. Concelleiro D. José Fernández López.

Dase conta a continuación ó Pleno da Corporación das seguintes propostas da Alcaldía para a súa toma en consideración si procede :

- Proposta da Alcaldía de dirixirse de novo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, da Xunta de Galicia, e reiterar desta a necesidade urxente de proceder ó acondicionamento do acceso dende a Vía Municipal que vai do lugar de Paredes á Estrada de " Póboa de San Xiao a Portomarín ", dada a inutilización do mesmo con motivo da execución das obras de " 1ª Fase da Autovía Sarria-A6 (Nadela). Tramo II , ante o grave perxuicio ocasionado aos numerosos veciños da zona afectados .

Sometida a votación, a devandita proposta da Alcaldía é aprobada polo Pleno da Corporación por unanimidade.

- Proposta da Alcaldía de dirixirse á Dirección Xeral de Ferrocarrís, do Ministerio de Fomento, e solicitar deste o cambio de denominación da estación de tren, ubicada actualmente no lugar de Póboa de San Xiao (Láncara) , con motivo da execución das obras de " Nova Liña de Alta Velocidade Ourense-Monforte-Lugo. Variante de Póboa de San Xiao. Plataforma e Vía " e a conseguinte nova ubicación da estación no lugar de Moscán, deste Municipio.

Sometida a votación, a devandita proposta da Alcaldía é aprobada polo Pleno da Corporación por unanimidade.

- Proposta da Alcaldía de dirixirse de novo á Confederación Hidrográfica do Norte e solicitar deste Organismo o ancheamento do camiño de acceso aberto con motivo da execución das obras de " Construcción do Sistema Automático de Información Hidrolóxica (S.A.I.H.) na Conca Norte " , no lugar de Agreimunde, deste Municipio, dada a imposibilidade actual de acceso con vehículos e maquinaria do Concello á zona de captación de auga da red municipal ao invadirse

o devandito camiño coa caseta instalada por mor das obras levadas a cabo, ou ben que se estudie polo devandito Organismo competente a posibilidade de construción de novo camiño de acceso por detrás da caseta sinalada, e todo elo co fin de arranxar definitivamente o problema existente.

Sometida a votación, a devandita proposta da Alcaldía é aprobada polo Pleno da Corporación por unanimidade.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día , pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 14,30 horas do día ó principio indicado, de todo o cal eu o Secretario dou fe.